

# UNHA NACIÓN QUE AGRADECER

(e celebrar,  
e transmitir,  
e recrear)



Un mundo que precisa paz



## O trasno

Daniel López Muñoz

### Extremistas e conservadores

Esváese no túnel do tempo unha dereita de maneiras tranquilas, que si, defendía a economía de mercado, rebaixas fiscais e crecemento empresarial por riba de todo, pero facíao con certa educación, co sobado “sentidinho”, e cun conservadurismo que dicía apoiarse na cousa relixiosa. Unha dereita educada, que gardaba as formas. Unha parte dela soubo, mesmo, desmarcarse do franquismo e evolucionar cara á democracia liberal. Castelao, látego do caciquismo, falara ás veces dos caciques bos, proteccionistas, enchufadores, conseguidores, que vivían de crear esas servidumes persoais, pero con estilo paternal.

Pero nada é inmutable e, como escribiu Mark Twain, “a historia nunca se repite,.... pero rima”. En Alemaña, que en cousa de memoria, dereita desbocada e tolemia colectiva saben algo, están asustados. Alí teñen unha Oficina Federal para a Protección da Constitución, algo así como uns “servizos secretos para o interior”, porque o nazismo non foi algo importado, senón unha creación desde dentro, desde moi adentro. E esa oficina seica ten identificados como extremistas de de-

reita a 50.000 persoas, un incremento dun 23% nun ano.

O extremismo é agora de dereitas. Hai un extremismo de caricatura: van de uniforme, símbolos neonazis, falanxistas ou fascistas, cantan o “Cara al sol” ou o “Ich hatt’ einen Kameraden” (“Yo tenía un camarada”, en versión celtibérica). Berran consignas moi enxeñosas como “arriba España”, “España cristiana y no musulmana” ou “esas lecheras a la frontera”. Normalmente son *odiadores* precoces, cunha media de idade que ronda os 17 anos.

Pero o que non é caricatura é a versión adulta, ese corrememento ao extremo, nas maneiras e nas mensaxes, da dereita tradicional, chámese Salvini, Ayuso, Feijoo, Meloni. Orban ou Trump. O quecemento climático é “histeria climática”; a inmigración que coida aos nosos vellos e paga as nosas pensións é “invasión e delincuencia”; a diversidade lingüística das nacionalidades que a Constitución reconece, é “impo-

sición independentista”; os 17.000 nenos e nenas palestinos masacrados son o “dereito de Israel a defenderse”; e o asasinato de mulleres polos seus homes son “disputas intrafamiliares”.

Antes dicíanse conservadores, agora son demoleedores. Tocáralle agora á esquerda conservar: conservar os ríos e as rías; conservar a convivencia acollidora; conservar a riqueza e a diversidade das linguas e culturas; conservar o dereito internacional humanitario; conservar a igualdade e o respecto. E conservar a integridade, a calma e o tempero. Non ser coma eles, nin tan sequera na batalla contra eles.

Pois iso, repitamos outra volta: a corrupción na esquerda é imperdoable.



## Unha nación que agradecer

Celebrar, transmitir, recrear. Esa é a nosa proposta para este momento complicado, unha proposta que se estende tanto para un 25 de xullo, a festa ampla, compartida e diversa da patria galega, como para a esa singular achega irimega á que chamamos “Romaxe de Crentes Galegos e Galegas” (13 de setembro en Bascuas-Guitiriz).

O primeiro é recoñecernos no herdo común da galegitude, da historia compartida, dos complexos superados, da lingua que namora, da paisaxe que nos contempla e contemplamos, dos traballos e saberes cos que producimos, creamos e investigamos; da nosa xente, dos que emigraron, das que quedaron, dos navegantes e das labregas, dos que emprenderon e dos *currantes*; dos castros, e dos cruceiros, dos pazos e dos canastos; da pesca, da industria, dos estaleiros, do artesanado e do agro que humanizaron o país; das deportistas e dos artistas. .... Hai moito que celebrar, e moito que agradecer. Témonos que gustar, sen arrebatos chauvinistas, pero coa naturalidade de quen está certo de ser unha persoa agraciada. E todo iso hai que celebralo, non contra ninguén, senón a favor de quen nos fixeron chegar a este momento.

O segundo, transmitir. Tócanos agora a nós, nais e pais, avós e avoas, mestras e ensinantes, líderes e animadoras, xente da cultura e dos medios. A nosa querenza pola terra ten que ser fértil. Non nos podemos permitir que nos disolvan no universo da mediocridade dixital, de redes interesadas que pescan para poderes ocultos. Temos que ensinar aos que veñen atrás a gozar coa nosa singularidade, a sentir o pracer e a complicidade da nosa fala, o convencemento de podermos construír un mundo mellor se o facemos mosaico de culturas, cantares e acentos. Cómpre ensinarlles a usar a peneira da sospeita cando tanto se nos porfía para que deixemos de ser nós e pasemos a ser un alimento sen sabor propio na mesa global de comida rápida.

E o terceiro recrear. Desde o convencemento e o amor por Galicia, cada xeración terá que facer os seus deberes. Recrear estratexias, compromisos e tarefas. Posiblemente imaxinar doutra maneira, con similar coherencia, con renovados estilos. Xa o están facendo, moitos deles e delas, na música, no cinema, na universidade, no ciberespazo. Hai un deber colectivo e institucional de apoialos, darlles cobertura, alento, aire para respirar.

Parece mentira que dicir algo tan constitucional como “Galicia, nacionalidade europea”, resulte agora unha ousadía. Son os tempos que corren. Tempos que requiren calma, moita coherencia, e a afouteza de quen sabe que darlle vida e futuro á propia orixinalidade é un ben para o mundo e un deber ético.

hai que celebralo,  
non contra ninguén,  
senón a favor de quen  
nos fixeron chegar a  
este momento

# Amiguiños si...

Carlos Vázquez González

## SI, É UN XENOCIDIO

Compárase adoito o actual xenocidio do pobo palestino co holocausto dos xudeus perpetrado polos nazis. Asíntase a comparación, parece, nesa sorte de proceso patolóxico no que a vítima se converte en vitimista para rematar en vitimario. Con todo, coido que cómpre sinalar importantes diferenzas en relación co impacto que o holocausto tivo e o que o xenocidio está a ter na comunidade e na opinión pública internacionais e, en consecuencia, en cada un de nós.

No caso do holocausto, aplicáronse estratexias e tácticas secretas, discretas e graduais que conseguiron que non se soubese ben o que estaba a pasar, practicamente até que estivo en marcha a chamada «solución final». No caso do xenocidio palestino, o exterminio estase a transmitir en directo *urbi et orbi*: hoxe coñecemos con precisión o que está a suceder en tempo real e incluso sabemos da intencionalidade e dos obxectivos concretos dos xenocidas, dos seus cómplices e dos seus autores intelectuais.

Isto é tanto así que o debate público impulsado e xa instaurado non se produce en función do que sucede, que é innegable, senón en como chamarlle ou cualificar esta masacre criminal. Discútese, nunha farisaica controversia meramente nominalista, sobre se o que está a pasar é un xenocidio ou non. A intención evidente é sacarlle ferro a un crime de lesa humanidade.

Arguméntase que nin ao exterminio sistemático polas armas, pola fame e pola sede de todo un pobo, nin á matanza continua de civís (nenos, mulleres, vellos e novos), nin á destrución programada de hospitais, escolas e fogares se lles pode chamar xenocidio até que un tribunal internacional, que nin os propios implicados recoñecen, así o declare.



A hipocrísia de semellante argucia ponse de manifesto cando os mesmos que a sosteñen non dubidan, por exemplo, en nomear e cualificar inmediatamente de «terrorismo» calquera acto violento que entenden cometido con presunta intencionalidade fanatizada, política ou ideolóxica, sen esperar ningunha actuación xudicial.

En todo caso, chámese como se chame este xenocidio: crime contra a humanidade, exterminio dun pobo, masacre criminal perpetrada por un Estado terrorista ou como se queira denominar, coñecémolo todos polo miúdo e en tempo real; sabemos perfectamente quen son as vítimas; sabemos quen son os autores materiais e intelectuais e coñecemos as súas motivacións ideolóxicas, económicas e políticas. E isto concirne directa e claramente á nosa conciencia individual e colectiva, á nosa honorabilidade, á nosa dignidade, á nosa intelixencia emocional e á nosa responsabilidade cívica e persoal.

Temos que preguntarnos, xa que logo, que estamos a facer para contribuír a evitar que perdure este crime execrable, para apoiar as vítimas, para condenar os vitimarios e rexeitar e combater os seus mentores, cómplices ou branqueadores. Branqueadores que están moi preto de nós e que nunca poden ser aceptados, apoiados, nin sequera tolerados.

E si, é un xenocidio e así debemos nomealo, porque nin sequera sabemos se hai xuíces en Berlín.

**Sabemos  
perfectamente  
quen son as  
vítimas**

# ... pero a vaquiña polo que vale

Xosé Lois Vilar Rodríguez

EMIA

## Adeus ríos, adeus fontes

Somos, os galegos, mamíferos, coma o resto da humanidade. Mais temos un aquel de anfibios. Un aquel cultural, sen relación co ADN. A auga é o noso medio natural, do que por veces nos queixamos e por veces botamos en falta. Quizais por iso, porque andamos algo sobrados, non nos decatamos da súa riqueza no presente e do seu valor futuro. E comezan a aparecer alertas (Betanzos, Viveiro, o encoro das Conchas, a balsa da mina de San Finx). Un ben tan imprescindible para a vida non pode estar a gardar cola no máis fondo da listaxe. Certo é que a actividade económica é necesaria para vivir, mais o rendemento a curto prazo está frecuentemente ligado a empobrecementos futuros. Velaí o proxecto de ALTRI. Un río Ulla no que xa verten augas as depuradoras de máis de 10 concellos vai ter que alimentar o proxecto de ALTRI e dar de beber a unha grande parte do Barbanza. Todo iso anotámolo na relación dos grandes problemas.

Agora imos polo máis miúdo: as traídas veciñais. Somos país de fontes, regos, regatos e ríos. Desa xenerosidade natural son beneficiados un 15 % dos galegos. Xentes que foron ao monte, escañaron, buscaron a fonte e conduciron a auga ata as casas. Houbo de ser así porque non había traída municipal. E así seguen facendo (ver foto), aínda que indo a menos, porque queda menos xente, mais tamén porque unha administración desmesurada esixe as mesmas medidas de control sanitario para as augas dun lugar que para a vila cabeceira da comarca ou a capital da provincia. Unha mancha de xestións cada vez máis complicadas que cómpre facer por “sede electrónica”: Plan Sanitario da Auga, a incorporación dos datos da traída ao SINAC (Sistema Nacional de Augas de Consumo), analíticas que supoñen 2 ou 3 mil

euros anuais e que se suman ao mantemento da propia traída... Unha esixencia desbordante e unha linguaxe incomprendible que conduce ao abandono das fontes e das traídas. Ben diferente

sería se a administración exercese un papel de animadora, asesora e condutora para o coidado do ben.

Pola contra, o que máis salienta é a faceta inspectora. Se pensamos nun escenario de crise, seguramente os que se perden na maraña administrativa serían quen de atopar auga para as casas, cousa que non saberían facer os que se moven coma peixes entre as normativas. O mal arrinca dun tratamento único de necesidades que precisan solucións diferentes. O modelo de abastecemento urbano aplícase igualmente na aldea. Nas fontes dos nosos lugares (de augas subterráneas do monte), temos que facer as mesmas analíticas que na Coruña (con achegas de augas superficiais) para detectar a presenza de medicamentos e estupefacientes. O coidado do recurso non é só un aproveitamento, senón unha consciencia, unha descuberta do valor da auga. En Galicia tiñamos e aínda temos moitas “escolas” para esa aprendizaxe. Oxalá non teñamos que vermos obrigados a lembrar para mal os versos de Rosalía: **Adeus ríos, adeus fontes...**

Un ben tan  
imprescindible non  
pode estar a gardar  
cola no máis fondo  
da listaxe



# O peto do Santo Antón

Ruben Aramburu



Na festa de Santo Antonio o cura dixo na misa que o santo era doutor da Igrexa. Escoitei logo unhas veciñas falar sobre cal sería a súa especialidade e, tirando das milagres, apostaban por traumatólogo, cirurxián, internista... Acordei de Wittgenstein, un afamado filósofo austríaco que lle deu moitas voltas ao asunto da linguaxe. Pensaba que a linguaxe ás veces era coma unha cárcere da que non se podía escapar por non sermos capaces de encontrarmos palabras que realmente expresen o que sentimos ou coas que os outros entendan o que queremos expresar. E así funlle dando voltas a algunhas expresións que usamos na Igrexa e que teñen dispar comprensión para a maioría da xente. Comezando pola propia palabra “Igrexa”, sexa universal, local, particular... a maior parte das veces enténdese que a Igrexa é o Vaticano, os bispos, os curas, as monxas... é dicir, o clero. Tamén pode ser o edificio, o templo. Cando se fala dos Santos Pais, moi poucos pensan nos primeiros teólogos do cristianismo... quizais crean que se trate duns santos padres capuchinos.

O mesmo pasa coa palabra “relixiosos” ou “vida relixiosa”, que tan alegremente usamos para falar dos frades e monxas: relixiosos son aqueles que son moi relixiosos e van á misa cada día ou teñen moita devoción. Non vos quero contar se falamos de sínodo, sinodalidade, indulxencias, xubileo, presbiterio... Oín que o papa Francisco quería darlle unha volta ao misal e á liturxia toda, por ser incomprendible para a maioría dos fieis. Non lle faltaba razón. Hai dous camiños: mandar a xente toda estudar sisudamente nunha universidade, ou simplificar a linguaxe relixiosa. Teríamos unha terceira opción recomendada por Wittgenstein: ante o que non sabemos, gardar un respectuoso silencio.



## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# O peto común

Teresa Souto Loira



EMIA

As violencias que nos rodean, que están interrelacionadas e en moitas ocasións normalizadas, constrúen camiños de vida máis difíciles, ás veces tortuosos, sempre inxustos, e fomentan as desigualdades.

Se pensamos como están relacionados o capacitismo, que é a discriminación cara ás persoas con diversidade funcional, o patriarcado, o racismo, o edadismo, atopamos en común unha situación de inxustiza, de discriminación, de crenzas de superioridade cara a outras persoas, cara aos nosos iguais. Se cremos na igualdade real, como permitimos que sigan existindo estándares que pretendemos que todas debemos cumprir, sen ter en conta que todas as persoas somos capaces aínda que diversas, que todos os xéneros temos a mesma valía e debemos ter os mesmos dereitos, que todas as persoas, independentemente do lugar, do país, da condición na que nacemos, somos seres humanos e, polo tanto, temos os mesmos dereitos de existir en paz, igualdade e xustiza?

Que a idade ofrece experiencia, que as persoas por cumprir anos, por chegar a ser maiores, non deixan de ser válidas, non deixan de ser referentes, fonte de amor, de convivencia, de participación na sociedade. Que segue perpetuando



as violencias? Supoño que as ansias de poder, de manter privilexios, de creerse superiores, de pensar que existen persoas inferiores, de pensar que os dereitos só son para unha pequena porción da sociedade (os que si “cumpren os estándares”).

## Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Os que levamos anos neste negocio da educación vivimos unha situación moi similar á que vivín eu hai uns días. Ato-pábame eu nun bar cuns amigos tomando algo, cando un mozo se abre paso entre a xente e achégase a min.

—Ola, ti es Xan, verdade? Fuches profesor meu...

Nese momento o meu cerebro trata de procesar o seu nome, asocialo á súa cara e a un lugar... pero é imposible. Nunca se me deu ben lembrar nomes e cambian tanto en tan pouco tempo que non dou.

—Eu son (dá un nome e un apelido dos que só me lembro algo).

—Ah, si —contesto sen moita convicción.

El continúa falando:

—Eu non era moi bo estudante daquela. De feito, ti suspendéchesme... e custoume moito quitar a túa materia.

Vendo que a conversa non me interesaba moito, por se era un resentido, decidín cambiar o tema.

—Ben, e agora que fas?

—Quitei un ciclo superior de formación profesional e agora traballo de...

—Estás contento?

—Si, váime moi ben.

Pero el quería afondar no tema do suspenso e volveu a el.

—Só che quería agradecer que me suspendeses e que foses esixente comigo. Grazas a iso puxen as pilas e aprendín o valor das cousas que custan.

Non sei ben quen é ese rapaz. Ao longo dos anos que levo nisto pasaron moitos aprobados e moitos suspensos. Xente boa, regular, mala. Pero gustoume que agradece que lle fixese traballar. O que sae de balde non o valoramos. Só ten valor o que custa, e non me refiro (só) aos cartos.



Beatriz Cedrón

O **Sindicato Labrego Galego (SLG)** denuncia a mala praxe de empresas que están a instalar **fibra óptica no rural** e a retirar o cableado vello. Estas entidades, especialmente Movistar, non só acceden a fincas cultivadas sen ningún tipo de coidado, senón que tamén deixan cable estrado polas cunetas e os prados. Esa situación xera un risco moi elevado para as crianzas, os animais, a maquinaria agrícola e para o propio medio.

Imaxe: diariodesantiago.es



Os seus avós xa comezaran a loita pola defensa da **Tulla de Fafián**, en Rodeiro. Seguiu a súa nai, e ela tamén se uniu. Así foi como **Leila Sabbouh López** acabou por elaborar un informe xunto co investigador **Daniel González Alén** para conseguir que a torre fose declarada **Ben de Interese Cultural**. O que a loita veciñal comezou precisa agora da necesaria intervención da Xunta, sen a cal esta edificación medieval, como outros bens do país, pode acabar por desaparecer.

Imaxe: lavozdeg Galicia.es



Os **clubes de lectura** son unha marabillosa ferramenta cuxos beneficios van alén de celebrar o amor polos libros. Nestes espazos comunitarios compártense reflexións feitas en soidade, mais o feito de poñer a experiencia en común e de saberse lector ou lectora dun mesmo texto ao mesmo tempo ca outros nutre os vínculos sociais e axuda mesmo a mellorar a saúde mental. En Galicia, aumenta cada ano o seu número, tanto os escolares como os das asociacións e bibliotecas urbanas e rurais.

Imaxe: farodevigo.es



A riqueza dos falares tráenos hoxe aquí o **erromintxela**, a fala do pobo xitano que vive en Euskadi. Trátase dunha forma do romaní que incorpora moito léxico e estruturas gramaticais do éuscaro cunha pronuncia que se achega á do romanés. Hoxe só a falan entre 200 e 300 persoas, xa que o seu uso se viu afectado pola prohibición da utilización das linguas e falas do Estado diferentes do castelán no século pasado.

Imaxe: <https://mobbyt.com>



Podería semellar que dous concertos eran moitos para que **Fuxan os Ventos** estrease por eles mesmos o auditorio ao que a cidadanía de Lugo elixiu darlle o seu nome. Á fin tiveron que ser tres. Tres concertos emocionantes nos que tamén actuaron **Faia Díaz e De Ninghures**, revelando non só os lazos familiares que os unen senón tamén os outros, os que se sementan “loguiño de crrear, en tanto no pobo medre un meniño, un vello e un cantar”, como así reflectiu tamén a diversidade do público asistente.  
 Imaxe: elprogreso.esv



Entidades de apoio ao pobo palestino animan a amosar a oposición ao xenocidio de distintos xeitos, un dos cales é o **boicot** aos produtos e ao comercio con Israel. Así o entenden moitas bandas de música que rexeitaron participar en festivais musicais este verán por pertencer ao fondo israelí KKR, entre eles o **Son do Camiño**, o **Resurrection**, o **Caudal** e o **Morriña Fest**. Nada que haxa que lamentar en exceso existindo as **foliadas**, **Pardiñas**, **As Revenidas**, o **Agrocuir**, a **Osa do Mar** e tantos outros.  
 Imaxe: praza.gal

Este ano **Castelao 2025** agasállanos, entre outras cousas, coa película **Antes de nós**, dirixida por **Ángeles Huerta** e escrita por **Pepe Coira**. No filme abórdase a vida de Castelao en dous momentos moi importantes da súa vida: cando deixa Pontevedra para atender a doenza da gripe en Rianxo, e once anos despois relatando a súa visita a Bretaña con Virxinia tras o pasamento do seu fillo, Chuchiño. Unha nova ollada desde distintas perspectivas da vida de Daniel.  
 Imaxe: filmaffinity.com



**Carmen V. Valiña** é a autora de *As tolas que non o eran. Mulleres no manicomio de Conxo (1885-1936)*, publicación na que recolle a memoria de moitas mulleres alí ingresadas sen ter un diagnóstico de trastorno psiquiátrico. Querendo devolver a voz ás anónimas da sociedade, a escritora agrupou os relatos do libro en tres capítulos: mulleres alcólicas, mulleres que sufriron por causa dos fillos e mulleres que querían marchar ou vivir o seu propio destino e que por iso foron encerradas.  
 Imaxe: praza.gal

R.R.

## FRANCISCO ALMUNÍÑA, primeiro guía sordocedo de Galicia



© Foto: Casa Romualdo.

“A Ribeira Sacra é patrimonio dunha comunidade antes que da UNESCO”

*Francisco Almuñía leva máis de 23 anos volcado no turismo rural e na defensa da Ribeira Sacra, onde preside a Federación Galega de Turismo Rural. É o primeiro guía sordocego de Galicia e na Casa Romualdo (Vilela, Lugo) acolle ós visitantes como quen abre as portas a un amigo. Nesta entrevista fálanos do turismo, da responsabilidade compartida e do compromiso co territorio. Unha conversa que é tamén unha lección de vida.*

—Cóntanos que estás facendo na actualidade?

A miña actividade fundamental é vivir e intentar tamén transmitir un pouco de vida ao entorno, tanto ás persoas como á paisaxe, na que temos a sorte de vivir. A min tocouse pechar a miña profesión de enfermeiro e comecei un novo proxecto, Casa Romualdo ([www.casaromualdo.com](http://www.casaromualdo.com)), que conlevaba a rehabilitación da casa dos meus antepasados. Así que, no 2001, abrimos a casa para quen estivese disposto a vir.

Foron anos de moitísimas aprendizaxes. Foi unha tarefa ben bonita, por-

que tocou facer de anfitrión, de acoller a persoas que veñen á túa casa. E que, máis alá de descansar, durmir ou xantar, a idea era tamén que puidesen rexenerarse, respirar e coñecer este territorio; e, por outro lado, decatarse de que hai outros xeitos de viaxar e de entender o rural.

**“Temos 49 casas rurais e xa máis de 600 vivendas de uso turístico”**

—Cando perdiches a vista?

Perdina no 2012 e dende aí abríronse outras vías de estar, de ser e de sentir. Mesmo desde o ámbito da música tradicional, dos cantos de taberna ou desde a percepción cos outros sentidos... tiven que resituarme. Houbo cousas que antes podía facer e agora xa non, ou dependo doutras persoas para facelas.

—Como comeza a túa aventura como guía?

Eu xa exercía o papel de anfitrión. Cando chega alguén á túa casa, intentas orientalo: dicirlle onde xantar, que visitar, que mercar... Todo iso é unha

tarefa de acoller, de acompañar. No 2019, a Xunta convocou a habilitación de guías turísticos. Fun á Xunta para inscribirme... e dixéronme que non podía ser.

“E por que non pode ser?”, preguntei. Se levo anos facendo isto na Ribeira Sacra? Presentámonos 200. Ao final, a secretaria do tribunal púxose comigo nunha sala, ela facíame as preguntas e eu respondía. Aprobamos uns 60.

—Ti, sendo cego, que percibes da Ribeira Sacra que os demais non ven?

Eu non creo que sexa especial. Simplemente, cando se minguan uns sentidos, outros se afinan. A vantaxe é que eu xa coñecía a Ribeira Sacra vendo. As paisaxes cambian, claro, pero a esencia segue. E ao final, isto de ser guía é máis ben un acompañamento. É unha axuda mutua: eu déixome levar por elas, e elas déixanse levar por min. Quen guía a quen?

—Galicia está de moda. Iso é bo ou perigoso?

Sempre que se cae no extremo hai risco. Algo tan especial como a Ribeira Sacra pode acabar desvirtuado. Non podemos esquecer que o territorio é patrimonio dunha comunidade que vive nel. O turismo pode ser un com-

## “Se buscamos un turismo de moita xente corremos o risco de cargarnos a Ribeira Sacra”



© Foto: Casa Romualdo.

Francisco Almuña, presidente de FEGATUR

plemento, pero hai que compatibilizalo coas necesidades das persoas que viven aquí. Parece que o turismo vai solucionalo todo. Pero se non fose pola xente do viño, isto sería unha selva. Eles mantiveron os cultivos e mantiveron as aldeas. Os que levamos o turismo tamén fixemos a nosa ache-ga. É un traballo colectivo. O reto é coi-dalo, ofrecelo con calidade e entender que non é para unha marabunta.

**“No medio rural hai moita máis vida do que se pensa”**

**—A xente que vén ao turismo rural vive a aldea ou só a ve como unha foto de Instagram?**

Hai de todo. Ao principio viñan máis persoas con vínculos co rural. Agora vén tamén xente nova que busca natureza, escapar das aglomeracións... O risco está en buscar un modelo de turismo de moita xente, prezos tirados, durmir en calquera lado. Se seguimos por aí, cargámonos a Ribeira Sacra. Ás veces dinme: “Ti es un pouco elitista.” Non é iso. Trátase de que a xente poida ter calidade na atención e que

un poida vivir dignamente dun traba-llo. Eses equilibrios son os que temos que buscar.

**—Que impacto teñen no rural as vivendas de uso turístico?**

Poñamos unhas cifras: no 2008 en toda a Ribeira Sacra eramos 49 casas de turismo rural e había 58 vivendas de uso turístico. No 2024 seguimos a ser 49 casas de turismo rural, pero xa hai máis de 600 vivendas de uso turístico.

Moitas son alegais ou ilegais. É un modelo de oferta turística, pero hai que xestionalo e controlalo. Podes atoparte con aldeas baleiras nas que todas as casas están dedicadas ao turismo.

E pensas: por que teño que pagar as analíticas da lexionela, da auga, a des-ratización... e o que está ao teu carón, cunha vivenda de uso turístico, non ten que facer nada diso. Non xogamos coas mesmas regras.

**—Cres que hai vontade real de solucionar estes problemas?**

Cando se fala da Administración, parece un ente sen alma. Pero está formada por persoas. Eu non quero ser condescendente, porque cando

hai que dar caña, dáse. Pero non vexo intención de facer mal. O problema é que cadaquén ten o seu manual.

Creo que se chega máis lonxe crean-do confianza e diálogo que desde a confrontación. No medio rural hai moi-ta máis vida do que se pensa e somos parte dun ecosistema que temos a responsabilidade de coidar. Porque se o destruímos, facémolo contra nós mesmos.

**—Reivindicación do Patrimonio da Humanidade para Ribeira Sacra?**

A Ribeira Sacra, antes de ser Patri-monio da Humanidade, xa é patrimo-nio dunha comunidade. Que veña ou non o recoñecemento da UNESCO, temos o compromiso de coidala. Como fixeron os que nos precederon. O ca-miño empezará ese día. Agora é unha etapa, pero o gordo vai vir despois: a ver como se xestiona iso e como se fan as cousas ben.

Os recursos xa están. Eu dígolles aos meus fillos: está ben que vaiades coñe-cer 40 millóns de sitios, pero ao final... a felicidade non hai que ir buscalo á outra punta do mundo.



© Foto: Casa Romualdo.

Xan Guillén Vázquez

## Imperdibles de Francisco (2)



### Inmigrantes

A historia ensínanos que a achega dos migrantes e refuxiados foi fundamental para o crecemento social e económico das nosas sociedades e ségueno a ser hoxe en día.

(Xornada Mundial dos Migrantes e Refuxiados 2022)

### Trump

Unha persoa que, en vez de construír pontes, pensa en construír muros — calquera muro— non é cristiá. Non é o Evanxeo. Non é cristiá.

(México 2016)

### A trata

A trata de seres humanos é unha das manifestacións máis dramáticas da mercantilización do outro. Constitúe unha chaga no corpo da humanidade contemporánea... A trata desfigura a humanidade da vítima, ofendendo a súa liberdade e a súa dignidade. Pero tamén deshumaniza os culpables, negándolles o acceso a unha “vida en abundancia”. A trata constitúe unha violación inxustificable da liberdade e da dignidade das vítimas, polo que debe considerarse un crime contra a humanidade. Sen dubidar.

(Conferencia Internacional sobre a Trata de Persoas. 2019)

### O clericalismo

É un dos males da Igrexa. Pero un mal cómplice, pois os curas teñen a tentación de clericalizar os leigos. Moitos leigos piden ser clericalizados. Isto é un pecado a dúas mans e debemos vencer esta tentación. O leigo debe ser leigo, ten a forza que vén do seu bautismo. Para min, o clericalismo impide o crecemento do leigo.

(2014, comentando Evangelii Gaudium\*)

O clericalismo é un látigo, unha zoupada; é unha forma de mundanidade que emporca e fere o rostro da esposa do Señor, escraviza o santo pobo de Deus.

(Discurso á Asemblea Xeral do Sínodo. 2023)



### Humor e alegría

Endexamais perdades a alegría e o sentido do humor! Cando un cristián, e aínda máis unha monxa, un frade, un cura, perden o sentido do humor, avinágranse e é tan triste ver cregos e monxas avinagrados... Están conservados en vinagre!

Hai que estar sempre co sorriso e o bo humor. Un santo triste é un triste santo. Tede o sorriso que vén do corazón, que non finxe, que sempre está cheo.

(Audiencia, novembro 2024)

### Advertencia aos que se queixan

Hai que ter sempre o corazón nas necesidades dos demais. Sabedes que hai xente que non ten traballo? Cando vos queixedes de que tedes moito traballo, pensade en quen non o ten. Hai xente que non pode pagar o alugueiro e van ser desafuzados. Cando entredes nos vosos conventos e reitorais, pensade que as tedes de balde. Cando nos días de neve ou chuvia esteades ben abrigadiños... pensade que hai xente que dorme ao aire libre, debaixo de calquera cousa. (2024, Reflexión con motivo da DANA en Valencia)

### Riqueza

Non serve de moito a riqueza nos petos cando hai pobreza no corazón. Endexamais vin un camión de mudanzas tras dun cortexo fúnebre, xamais. Porén, existe un tesouro que ninguén pode roubar, e non son os aforros, senón o que demos polos demais.

### Globalización, mercado e identidades dependentes

“Abrirse ao mundo” é unha expresión que hoxe foi cooptada pola economía e as finanzas. Refírese exclusivamente á apertura aos intereses estranxeiros ou á liberdade dos poderes económicos para investir sen trabas nin complicacións en todos os países. Os conflitos locais e o desinterese polo ben común son instrumentalizados pola economía global para impoñer un modelo cultural único. Esta cultura unifica o mundo, pero divide as persoas e as nacións, porque «a sociedade cada vez máis globalizada fainos máis próximos, pero non máis irmáns». Estamos máis sós ca nunca neste mundo masificado que fai prevalecer os intereses individuais e debilita a dimensión comunitaria da existencia. Hai máis ben mercados, onde as persoas cumpren roles de consumidores ou de espectadores. O avance desta globalización favorece normalmente a identidade dos máis fortes, que se protexen a si mesmos, pero procura licuar as identidades das rexións máis febles e pobres, facéndoas máis vulnerables e dependentes. Deste xeito, a política vólvese cada vez máis fráxil fronte aos poderes económicos transnacionais, que aplican o “divide e reinarás”.

(Carta Encíclica Fratelli tutti. 2020)



# Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero)

## Bieito Santos: exemplo vivo de compromiso e xenerosidade



Moitas veces teño pensado dar conta de moitas daquelas ansias polas que cabalgo os meus tempos. Non o fixen, mais hoxe vouno facer, rompendo ese meu silencio da man dun acontecer para reflexionar e ter en conta. Trátase de falar dun bo amigo que viviu para loitar polos dereitos alleos. As amizades sempre son un tesouro que debemos estimar e considerar, no mérito enorme que posúen. E esta amizade é Bieito Santos, un cura obreiro e tan humilde que resulta clandestino.

O outro día fun a Vigo e estiven na homenaxe que lle renderon, pública e con publicación dun libro conmemorativo. Merecida homenaxe a quen loitou, fóra de hábitos ou dentro deles, pola honesta condición proletaria que nos xungue aos que nacemos sen padriño acaudalado, sobre todo aquela máis marxinaada e ninguneada que trata de romper muros e ocultacións.

Fomos algunhas amizades de todo tipo e idade, quixemos estar con el, aínda que se escondese do foco. Non vou enumerar as moitas persoas que puiden saudar no mesmo acto,

porque serían moitas e, amais, a luz deste breve relato debe vincularse a el, que foi un máis no escaparate dos anos grises da ditadura. El, co seu exemplo, foi un home bo, que mantivo o compromiso coa xente do traballo, sobre todo nos comezos da industrialización desbocada que trataba de comernos a todos.

Mais eu, xa llo dixen a el antes aínda do comezo do acto, estaba alí por esa calidade de invisibilidade que lle asiste, capaz de facelo desaparecer dos ámbitos —poucos— de honra que se lle poidan brindar. Bieito estaba como avergoñado, diría encollido; mesmo quixo pedir desculpas por facerme andar tantos quilómetros. El, que foi sempre fiel amigo, compañeiro nas mágoas, escoitador atento das miñas teimas e, co seu exemplo, predicador sen púlpito. El, que me honrou sempre coa súa atención e respecto, coa súa cortesía e recompensa. El, sobre todo, co seu exemplo.

El, amigo e discípulo doutro ser entrañable e gran loitador, o padre Seixas, de quen tamén gardo memoria e veneración por ser incansable

sedutor da verdade, da estima polo propio e por facer fronte, dando a cara a tanta ignominia que nos asedaba. Pois si, Bieito foi quen de, evocando ao seu mentor, facer algo. Na acción está o pan, o resto son apósitos. Máis que dicir, facer. Estivo en feitos, que é a única forma de tecer nación. Non é moi falador, mais aínda cando cala dá sentenza, e cando fala, no seu falar pousado, dá mil respostas. É máis de obrar, de operar. Seino moi ben desde aqueles xantares compartidos na casa do Xosé Carballo, con Antón, Loliña, Cabada... e el, que nos deleitaba servindo puntualmente aquelas viandas apetecidas; xantares nos que tiñamos faladoiro apaixonado até altas horas da tarde, sempre amañando o mundo.

Entendeu moi ben as mensaxes recibidas da súa poliédrica escola da vida. Sempre compartindo o pouco que tiña e en comunidade. Aínda hoxe case non ten onde terse. Un ser de compromiso social e político insubornable. Unha persoa máis das claves sindicais e formativas, mesmo neste desleixo absoluto e inhumano que tanto desprende a nosa sociedade e non percibe. Liderou mobilizacións


obreiras con grande empatía e intelixencia, coa súa enorme xenerosidade. Animador de galeguidade en actos e accións, no exercicio de ser quen somos, na reflexión máis humana de asumir a historia que nos relata e non nos recoñece.

Houbo cancións, houbo versos, mais houbo o exemplo dunha vocación enteira de servizo, máis alá das conviccións relixiosas ou espirituais, que nos poden ou non gustar. Por riba está a condición humana, os dereitos das persoas, os actos para mellorar esta estadia da vida que cada vez máis nos empobrece.

Fixo 75 anos desde que naceu en Corvillón (Cambados), fillo de agricultores e no medio de outros tres irmáns. Fíxose xesuíta, mais xa abocado ás cuestións obreiras: estivo nas minas en Asturias e traballou na construción, sempre loitando contra as inxustizas laborais e na defensa dos dereitos dos traballadores. Ordenouse no 69 e foi soldador en Ascón, onde militou na loita obreira, no medio daquela enorme loita do naval vigués. Tamén foi celador no Xeral de Vigo e, despois, enfermeiro. Viviu en pequenas comunidades de Vigo, máis ben dos arredores, coido que en Teis. Ultimamente, na comunidade de xesuítas do colexio Apóstolo Santiago.

Cantos “Bieitos” ou “Benitos” farían falta hoxe. Cantas amizades a fondo perdido, como el, farían falta para poñer en orde esta patria que nos mira nun silencio pasivo e sospeitoso. En acabando o acto, dixo que aquelas gabanzas á súa persoa eran excesivas. Agradeceu a nosa presenza e, antes de marchar, deume unha forte aperta.

Grazas, Bieito, pola loita e polo exemplo. Moitos anos de vida!



Marisa Vidal e Lucía Santiago

## Entrevista a Carmen Bernabé (primeira parte)

### Revisitando Míriam de Magdala

*Carmen Bernabé, profesora de Teoloxía na Universidade de Deusto, é unha das voces máis autorizadas no estudo da Biblia desde unha perspectiva crítica. Especializada en mulleres e cristianismo, nesta entrevista analiza sen concesións as representacións contemporáneas de Xesús e o papel da muller nos evanxeos.*



© Fotos - diocesismalaga.es/S.Ferrosa

— *The Chosen é a última película/serie sobre Xesús. Que opinión che merece?*

Non vin a serie, pero vin a película, que é un resumo de varios capítulos, e non me gustou. Estaba desexando que rematase.

É un produto do evanxelismo conservador americano. Presenta un Xesús simpático, amable, moi ao estilo do norteamericano medio. Está feita para introducir emocionalmente no relato a quen a vexa, evitando, quizais, o poder decatarse de onde parte e o que propón. Trátase dunha lectura fundamentalista ante a escritura que defende a inerrancia (a Biblia non pode equivocarse) e propón e utiliza unha lectura literalista dos textos evanxélicos. Para fundamentar esta idea, na película móstrase a Leví-Mateo anotando todo o que di Xesús. Nun momento, preguntanlle se apuntou todo. É evidente que descoñece ou non acepta o coñecemento crítico sobre a composición e redacción dos evanxeos (da Biblia), admitido hoxe por católicos e reformados, pero non polos evanxélicos fundamentalistas.

Nesta liña preséntanse os personaxes falando con anacos do evanxeo. E do máis enervante é escoitar a Xesús de Nazaret, falando co texto do evanxeo de Xoán, o evanxeo máis elaborado teoloxicamente pola comunidade. E digo que é enervante porque a película pretende presentar un Xesús histórico e comete bastantes anacronismos.

**“O dó e os lamentos das mulleres eran considerados perigosos”**

Lidia Rodríguez escribiu sobre a presentación de María Magdalena nesa serie. Está accesible en: Lidia Rodríguez, “The Evangelical Reception of Mary Magdalene in *The Chosen Series*, Seasons 1 and 2”, *Religions* 2024, 15 (9), 1083 <https://doi.org/10.3390/rel15091083>

— **No teu libro falas da diferenza entre relatos e historia, cal escolles ti**

### para estudar a figura de María Magdalena?

Teño en conta ambos. Partindo dos relatos, lidos e estudados criticamente (é dicir, coñecendo o proceso de composición e o seu contexto, así como o contexto dos sucesos que narran), trátase de chegar a saber algo das figuras históricas que foron lembradas polas comunidades e o como o foron en cada caso e situación. Hai unhas lembranzas comúns, que se repiten, a pesar de teren sido elaborados de formas diversas por cada evanxelista, que lidos no contexto do momento poden darnos unha idea do fundamento e feitos históricos que lembran.

#### — Que memoria hai nos evanxeos e nos primeiros escritos?

A teoría da memoria fala de diversos tipos de memoria, cuxos nomes varían segundo os autores. Podemos falar de: memoria comunicativa (que algúns chaman colectiva): aquela que rexistra o pasado inmediato compartido por un grupo. Abarca dúas ou tres xeracións pois está condicionada pola existencia de portadores vivos. A memoria cultural que é un paso posterior, cando os contidos se fixan de forma duradeira mediante elementos culturais: textos, imaxes, etc. Posibilita a imaxe e a conciencia grupal. Pode reinterpretarse e transformarse, máis ou menos, segundo momentos, circunstancias e intereses.

Os evanxeos son memoria cultural, pero conteñen a memoria comunicativa que, ao poñerse por escrito, se fixa de forma duradeira nunha memoria cultural que axuda a manter a identidade grupal. A través do estudo crítico dos evanxeos e os escritos pódese acceder, en certa medida, a aquela primeira memoria comunicativa que nos leva tan preto dos feitos, dos acontecementos vividos e interpretados.

#### — Por que a memoria de María Magdalena é perigosa?

Porque o que se lembra é importante e novidoso e serviu para fundamentar certas praxes femininas que chegaron a ser problemáticas nalgúns momentos e contextos da conformación do cristianismo como sistema religioso independente e na súa historia posterior. Mesmo hoxe en día, podemos asistir a diferentes intentos de recuperar-apropiarse da súa memoria, interpretada de formas dispares.

## “A película comete bastantes anacronismos”


#### — Durante o relato da Paixón, por que as mulleres van á tumba? Como se facía dó na época de Xesús?

O relato da Paixón, a pesar de ser un relato moi antigo, está elaborado teoloxicamente por cada evanxelista, de acordo cos seus plans literarios e teolóxicos. Por iso, o motivo da ida á tumba das mulleres, unha vez pasado o shabat, varía nos diversos relatos evanxélicos, aínda que en Xoán se pode adiviñar aínda o motivo do dó (María Magdalena estaba xunto ao sepulcro chorando). É o evanxeo de Pedro o que fala diso. O dó e os lamentos das mulleres eran considerados perigosos e, na antigüidade, estaban controlados e regulados. Nos evanxelistas parece detectarse unha precaución ante esa actividade. No evanxeo extracanonico de Pedro (s. II), porén, pode ter quedado unha pegada do verdadeiro motivo da visita das mulleres á tumba. Di así:

Na mañá do Domingo, María a magdalena, discípula do Señor, atemorizada a causa dos xudeus pois estaban rabiosos de ira, que non fixera no Se-

pulcro do Señor o que adoitan facer as mulleres polos seus mortos queridos, tomou ás súas amigas consigo e veu ao sepulcro no que fora depositado. Pero temían non foran ser vistas polos xudeus e dicían: “Xa que non nos foi posible chorar e lamentarnos o día aquel en que foi crucificado, fagámolo agora cando menos xunto ao seu sepulcro. Pero quen nos removerá a pedra botada á porta do sepulcro de maneira que, entrando, nos sentemos xunto a el e fagamos o que é debido...? E se isto non é posible, botemos cando menos na porta o que levamos na súa memoria e batámonos o peito ata que volvamos á nosa casa.” (EvPe XII, 50-51)

Esta conversa continuará no número de setembro!



## XLVII Romaxe de crentes galegos/as

*“Se vós calades, as pedras cantarán”*  
Bascuas-Guitiriz  
13 de setembro. 2025

Nun lugar moi especial,

que invita á ledicia do encontro, coa capeliña que se ve, o castro que se adiviña, o regato, os carballos e as pedras que contan e cantan.

Unha descuberta, homenaxe agradecida e tamén recreación de tradicións herdadas, lendas e saberes, como a da chave de Bascuas, que sandaba o mal da rabia pola graza da Nosa Señora. Porque hai moito andazo e moita sombra que curar, moito odio que escorrentar.

Unha homenaxe tamén á música popular, á asociación Xermolos, á beleza que nos move e nos conmove, que crea comunidade, que nos transporta ao misterio dun Amor que namora, que anima e alegría a vida.

Porque nunca nada, nin ninguén, nos debe roubar a alegría.



Por un verán cheo de encontros e horizontes!

Botádevos ao monte, ao mar, á aldea... e deixade que o verán vos encha de luz e aire!

En setembro vémonos na Romaxe para seguir facendo camiño!

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981

Coordinación da edición: R. García.

Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luis Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopena Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.

Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.

Recepción de artigos e colaboracións en: [asoc.irimia@gmail.com](mailto:asoc.irimia@gmail.com)

Subscricións:

Tel.: 615 464 095 / [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.

Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: [irimia@irimia.gal](mailto:irimia@irimia.gal)

Conta: Fiare Banca Etica

ES10 1550 0001 2500 0078 9628

Depósito Legal: C-1417-81

Tirada: 450 exemplares

Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)

ISSN: 2172-9182

Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas

Distribúe: IMPACTA

Edición electrónica: <http://irimia.gal>

Feito en papel reciclado



Actividade subvencionada pola



Deputación DA CORUÑA

## Doerse, actuar, confiar

Pero o doutor da Lei, querendo xustificarse, preguntoulle a Xesús:

— E quen é o meu próximo?

Xesús, replicou:

— Dunha vez un home baixaba de Xerusalén a Xericó, e asaltárono uns bandidos, que, despois de o roubar e bouraren nel, deixárono medio morto.....

(Lucas 10,29..)

Preocúpame o rumbo que tomou este mundo: auxe de movementos racistaRs, discursos de odio cara aos inmigrantes, polarización social e política, incremento da carreira armamentista, dirixentes políticos e financeiros prepotentes con pretensións de dominar o mundo, corrupción, utilización da mentira a través das redes sociais para controlar as masas, violación dos dereitos humanos, perda de valores éticos, destrución da natureza...

Dóme o sufrimento da humanidade, a pobreza extrema, a fame de moita xente, a violencia, o criminal xenocidio en Palestina (Gaza e Cisjordania), as guerras en Líbano, Ucraína, Etiopía, SudáTn, O Congo..., a morte de migrantes nos desertos e nos mares. Dóme o sufrimento de tanta xente inocente, sobre todo nenos e nenas, mentres outros, os Herodes de hoxe, que todos coñecemos, séntense donos das vidas humanas e das riquezas do Planeta.

No silencio da escuridade trato de seguir a Xesús. E propóñome non angustiarme pola situación que nos envolve. Todo pasa. Só Deus permanece. Vivimos no seu corazón. Más aínda, somos parte de Deus. Confío nel, con máis motivo canto máis aflixido e débil me sinto. El acéptame e ámame como son. Ámanos a todos como somos. Ama este mundo. Enviou



© Foto: Faro de Vigo

ao seu Fillo para darnos vida, vida en plenitude. E Xesús deixounos a misión de construír un mundo novo onde haxa vida digna para todos.

Deus non nos mira como un xuíz senón como un Pai e Nai compasivo e misericordioso. Acolle a esta humanidade con compaixón e misericordia. Deus todo o fai novo. Este mundo cambiará. Por iso, teño a esperanza de que a luz brillará trala escuridade.

No medio desta dor trato de non perder a serenidade. No medio das correntes de odio ao diferente, do sufrimento provocado polas guerras, das bágoas, o caos e a escuridade, vivirei sen que a realidade que nos rodea me altere, porque Deus non pode fracasar. O seu amor é infinitamente máis poderoso que os nosos erros. No medio desta situación seguirei facendo o que poida, comprometéndome na medida das miñas posibilidades na defensa e servizo dos máis vulnerables e na loita por un mundo de paz e fraternidade. E, por encima de todo, vivirei cunha actitude de confianza plena en Deus.

# Falando da lingua

Lidia e Valentina

## Adobando a nosa lingua...

Estoutro día, tras un arrebatado de calor, díxonos Juana, chea de razón: *Ai, estame a dar unha **alfa** de calor que non ten traza...* E así recordou que seica dicía a súa avoa, a señora Generosa, que nacera polo ano 1909, cando, sendo ela unha nena, lle chegou a menopausa (fixádevos ben como é a forma que debemos utilizar!). Pois mirade para aí..., sabedes o que é unha alfa? Ademais da primeira letra do alfabeto grego, é o coeficiente de temperatura, o que un corpo pode variar co aumento da temperatura. Pois o que as mulleres teñen coa menopausa son esas diferenzas de temperatura! A señora Generosa, que malamente lía e escribía, empregaba este termo que podía ser, ou non, habitual na época... Non podemos saber nin como chegaría ela á tal alfa.

E cambiando moito de temática. Que nos sabedes dicir da palabra **cambeleira**? Nós témola de noso. E cantas veces lle temos botado de comer aos animais nela! Ao mellor vós chamádeslle presebe, ou manxadoira, ou comedeiro, ou comedeira a esa estrutura de madeira onde se lle botaba a herba, a palla, as farnas, ao gando. Ollo porque non é o mesmo a cambeleira ca a **maseira**, a bacía... Esta é a pía de pedra onde tamén se lle bota de comer aos porcos. Non esquezades que maseira tamén é o recipiente grande de madeira onde se amasa o pan ou no que se poden gardar alimentos, a artesa, vaia! E falando da maseira, non quixemos evitar lembrar a Marcelino do Quinteiro de baixo, que sempre dicía aquilo de *Deus dáo na eira e María estolléceo na maseira...*, para dicir que o que viña ben dado estragábase polo mal tratamento.

E xa que entramos no terreo da fraseoloxía, nós que andamos sempre coa orella posta no que di a xente do arredor (isto debe ser o que se entende por deformación profesional)

escoitamos tamén aquilo de *As contas da casa non dan coas da praza...* E ben o puidemos usar esoutro día, cando estabamos a discutir sobre un asunto que tiñamos pendente que se nos resolvese, que botabamos de conta que só podía ser dunha maneira, que parecía imposible que puidese ser doutra... e foi... Entón veunos que nin caído do ceo o tal dito. E desgustámonos ben e chegamos á conclusión de que vos é ben certo, que *cambiarás de muiñeiro, pero non cambias de ladrón...*

Como ben ten dito Ferro Ruibal, os modismos son o sal e a pementa do idioma; sen eles, a lingua queda sosa...

Feliz verán!!!



Canta fartura...!!!